

# MEMORIA 2011

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

Rúa Ramón Cabanillas, 1-entr.  
32004 Ourense  
*Teléfono:* +(34) 988 235 946  
*e-mail:* feciga@mundo-r.com  
*Web:* [www.feciga.org](http://www.feciga.org)



## INTRODUCCIÓN

**A FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA (Feciga)** é unha organización que aglutina a práctica totalidade dos cineclubs existentes no noso país, que actúa como xestora dos mesmos, e, ademais, como prestadora de servizos de asesoramento e organización de proxectos a entidades oficiais e privadas: programas de proxeccións, talleres de cine, mesas debate relacionadas co cinema, etc.



## CICLOS CONXUNTOS

A **Federación de Cineclubes de Galicia (Feciga)** organiza e coordina programas para a maior parte dos cineclubes, financiando unha boa parte dos custos de aluguer das películas.

No ano do ano 2011 participaron nestes ciclos:

Cineclube Padre Feijoo	Ourense
Cineclube Lumière-Vigo	Vigo
Cineclube Pontevedra	Pontevedra
Cineclube Cangas	Cangas
Cineclube Valle-Inclán	Lugo
Cineclube Groucho Marx	O Barco de Valdeorras
Cineclub O Poleiro	Goian-Tomiño
Cineclub Carballiño	O Carballiño

## SEMANAS DE CINE

Organizadas polos cineclubs, coa colaboración e o financiamento da Federación de Cineclubes de Galicia, teñen destacada transcendencia en cada localidade. Polo seu contido e calidade na organización, veñen acadando un gran nivel de aceptación.

No ano 2011 organizaron “*Semanas do Cinema*” os seguintes cineclubs:

Cineclube Os Papeiros de Chantada  
Cineclube Groucho Marx do Barco de Valdeorras  
Cineclube Pontevedra  
Club Cultural Valle-Inclán de Lugo  
Cineclube Padre Feijoo  
Cineclube Lumiere-Vigo  
Cineclube Cangas  
Cineclube Carballiño



## **PARTICIPACIÓN EN XORNADAS DO AUDIOVISUAL**

Participación dos cineclubs que integran esta Federación na undécima edición dos Encontros de Viana-Cinema e Video, que tiveron lugar en Viana do Castelo (Portugal) os días 6, 7 e 8 de maio de 2011.

As dúas principais seccións dos Encontros son os Olhares Frontais e o premio PrimeirOlhar.

A sección Olhares Frontais consiste nun encontro entre escolas de cinema de todo o mundo, que aproveitan a presentar os seus traballos e discutir sobre as súas prácticas pedagóxicas.

O premio PrimeirOlhar está dirixido aos documentais realizados por alumnos das escolas de cinema, audiovisuais ou comunicación de Portugal e Galiza. A colaboración que hai entre os Encontros e Galiza, queda de manifesto a través do premio PrimeirOlhar/Cineclubes, concedido pola Federación Portuguesa de Cineclubes e pola Federación de Cineclubes de Galicia. No ano 2011 este premio foi para o documental “Viagen até a casa” de Bárbara Veiga, alumna da Escola Superior de Música, Artes e Espectáculo – Instituto Politécnico do Porto. O xurado do PrimeirOlhar/ Cineclubes, constituído por Uxia Blanco, Ana Maria Fernandez Puentes e João Soeiro Lopes, tamén concedeu unha Mención de Honra ao documental “Pitón” de André Guiomar, alumno da Universidade Católica.

## **ENCONTRO DE CINECLUBES GALICIA-PORTUGAL**

Os días 5-6 de novembro de 2011 celebrouse na cidade de Ourense o Encontro de Cineclubes Galicia-Portugal. A idea é tentar dar continuidade os encontros que se iniciaron no Carballiño ao mesmo tempo que nacían as primeiras edicións das Xornadas de Cine e Video de Galicia, alá polo ano 1984 e que posteriormente deron paso a constitución da comisión Luso-Galaica para a cooperación cinematográfica e cineclubista, no ano 1988 en Viana do Castelo.



Con esta experiencia abríase, ademais, un canle importante de intercambio e desenvolvemento de proxectos conxuntos entre as dúas federacións de cineclubes que permitiu amosar a cinematografía e as diferentes tendencias audiovisuais que se producían en cada lado da fronteira e que ata aquelas datas, permanecían completamente ignoradas, tanto as portuguesas en Galicia, como as galegas en Portugal.

É preciso arriscar na busca de alternativas e proxectos conxuntos de cara o futuro, dentro dunha concepción social das dúas culturas é de unha dinámica propia.

O cine, ó mesmo tempo que industria, é un ben cultural común, ao que a sociedade ten dereito, e, por elo, a propia sociedade debe garantir a súa correcta difusión.

Ao mesmo tempo, é un mecanismo de comunicación e expresión, polo que se transmite a historia e sentir de cada pobo.

Chano Piñeiro acostumaba a dicir que *“un pobo sen imaxe era un pobo condenado a non ter historia”*.

Cinco anos despois (27-28 de outubro de 2001) celebrouse en Vilagarcía de Arousa o quinto encontro Luso-Galaico de Audiovisuais. Este encontro continúa na liña de traballo dos anteriores e pretende profundizar na posición que poden adoptar os cineclubes e as propias federacións diante da produción, distribución e exhibición do cine que se fai no propio país. As conclusións desta Comisión Luso-Galaica de Audiovisuais declara o desexo esperanza de ser unha canle de comunicación e intercambio de proxectos e experiencias dos cineclubes de Galicia e Portugal e que permitiran saír da ignorancia mutua das respectivas cinematografías. Era consecuencia evidente das grandes distorsións da distribución comercial nos dous países, provocado polo predominio da produción norteamericana en detrimento das directrices europeas.



Dentro dos habituais encontros cos responsables da Federación Portuguesa de Cineclubes, chegouse á conclusión, entre outras, da necesidade de crear un certame con carácter anual que sirva de proxección ás obras do cine independente e sobre todo aquelas realizadas polos xoves pertencentes ás escolas de imaxe de Galicia e Portugal. (A Federación galega colabora coa portuguesa nos premios “*primeiro olhar*” destinados ás escola de cine de Galicia e Portugal). Ao mesmo tempo, preténdese que sirva como lugar de reunión, debate e intercambio de ideas da xente con máis experiencia no eido cinematográfico, e dos novos realizadores, técnicos, actores, etc..

Conscientes das verdadeiras dificultades da exhibición nos canles habituais, faise co único fin de promover e divulgar a nosa cinematografía, xunto coa lingua propia de Galicia e Portugal.



## **CINECLUBE PADRE FEIJOO**

O Cineclube Padre Feijoo naceu a principios do curso 1970-71, como actividade cultural dentro da Escola de Maxisterio de Ourense, e como herdeiro da tradición cineclubista da cidade que durante os sesenta foi representada polos cineclubes Ourense e Miño. Nos setenta, contribuíu ao xurdimento e desenvolvemento das Xornadas de Cine en Ourense, que pasaron en 1978 a se denominar Xornadas do Cine das Nacionalidades, abandeirando así o nacente cinema galego entre os das outras comunidades históricas do Estado.

Durante os oitenta, e xa definitivamente separado da Escola, o Cineclube seguiu con ciclos como as Mostras Cinematográficas (oito edicións) ou, máis tarde, o titulado «Espacios Fílmicos» en colaboración co Cine Dúplex. A isto hai que engadir a organización de cursos de formación cinematográfica e conferencias, ciclos de cinema infantil, de humor, expresionismo alemán, cinema francés..., e a edición de folletos e catálogos en galego practicamente desde a súa fundación.

As proxeccións do Padre Feijoo teñen pasado por multitude de salas durante estes anos, desde cinemas comerciais até salóns de actos públicos ou privados; coa inauguración a principios dos oitenta da Casa da Cultura, o seu salón de actos foi acondicionado mediante a instalación de dous vellos proxectores de 35mm, que seguiron en funcionamento até 2004, ano até o cal foi sede para as súas sesións —coa excepción do uso, a fins dos noventa e de forma intermitente, do Teatro Principal—. Desde 2004 veñen utilizando as salas comerciais, como o Cine Dúplex, agora xa pechado, e os multicines Cinebox. Está en proxecto a rehabilitación e o reequipamento da sala da Casa da Cultura, que aínda segue a empregar para actividades moi específicas.

Un dos logros do Padre Feijoo foi a consecución da creación da Federación de Cineclubes de Galicia, con sede na cidade das Burgas.



O Cineclub Padre Feijoo é un dos cineclubes en activo máis antigos de Galicia. Sen recuperar aínda a normalidade na súa actividade a causa da falta dun local propio para as proxeccións, o Cineclub conseguiu manter unha continuidade con oferta cinematográfica de calidade ao longo do ano.

## **Ano 2011**

A dinámica de colaboración iniciada cos cinemas Cinebox Ourense continuou novamente coas proxeccións dos ciclos “Estreas en versión orixinal”, “Cinema e Banda Deseñada” e a “Semana de Cinema Documental”. Deuse un novo pulo ás proxeccións especiais de curtas e documentais de produción galega.

### **Ciclo de Cinema Social**

*12/01/2011- Un profeta*

*19/01/2011- Neds*

*26/01/2011- Veñen polo ouro, veñen por todo*

### **Ciclo de Cinema Británico**

*02-02-2011- Somers town*

*09-02-2011- In the loop*

*16-02-2011- London river*

*23-02-2011-Tamara Drewe*

### **Ciclo de Cine e muller**

*01-03-2011- Mujeres de El Cairo*

*02-03-2011- Campo de batalla*

*02-03-2011- Luchadoras*

*03-02-2011- Planes para mañana*





## **Ciclo de Cine e música**

*16-03-2011- I'm not there*

*23-03-2011- We don't care about music anyway*

*24-03-2011- Concierto de UMI NO YEAH!! & KIRIHIRO*

*30-03-2011- El concierto*

## **Cine e Miteu**

*03-04-2011- Fausto: o camiño do momento*

*06-04-2011- Capitalismo, una historia de amor*

*14-04-2011- Cómicos*

## **Semana dos Mestre Mateo 2010**

*26-04-2011- The way*

*27-04-2011- El mono Paco*

*27-04-2011- Radiografía dun autor de tebeos*

*27-04-2011- Koruño*

*27-04-2011- Lira*

*28-04-2011- El grifo*

*28-04-2011- Leo y Mario (se dejan)*

*28-04-2011- A residencia*

*28-04-2011- Xoel y los X-Men*

*28-04-2011- Checkont*

*28-04-2011- Cribba o Vampiro*

*28-04-2011- Gato encerrado*

## **Ciclo de Cine Oriental**

*04-05-2011- Ciudad de vida y muerte*

*11-05-2011- Uncle Boonmee recuerda sus vidas pasadas*

*18-05-2011- Poesía*

*25-05-2011- Kids and kids*



## Docuficción

*01-06-2011- Exit through the gift shop*

*08-06-2011- I'm still here*

*15-06-2011- RIP! A Remix Manifesto*

## Cine na Praza

Cine galego ao aire libre na Praza de San Marcial (Ourense)

*06-07-2011- Alistán, o demo oveiro*

*13-07-2011- A escola das areas*

*13-07-2011- Good night mon ami*

*27-07-2011- A xaguarana*

*27-07-2011- Ignotus*

*03-08-2011- Meigallos, sombras e papas de arroz*

*03-08-2011- Os defuntos falaban Castelao*

*10-08-2011- A canción de Fermelín*

*17-08-2011- A canción de Fermelín*

*24-08-2011- A teoría do espello*

*24-08-2011- Auga*

*31-08-2011- Festival de curtas*

## Ciclo ao Nordés

*09-11-2011- Pueblo de silencio*

*16-11-2011- A ciegas*

*23-11-2011- Eila*

*30-11-2011- Tocando el vacio*



## **CINECLUBE VALLE-INCLÁN**

O Club Cultural Valle-Inclán de Lugo nace o 13 de febreiro de 1966. Celebrábase aquel ano o centenario do nacemento de D. Ramón María del Valle-Inclán e os fundadores deciden poñerlle ao novo club o nome do insigne escritor galego. Terá como primeiro presidente a D. Julio Ulloa Vence.

O Valle-Inclán, como é coñecido popularmente en Lugo, nace primordialmente como cineclub (cousa ben axeitada, pois o mesmo literato Valle Inclán subliñou a importancia da nova Arte Cinematográfica como compendio doutras, as plásticas, as sonoras e as literarias), seguindo a tendencia de representativas asociacións culturais da época, unha das poucas maneiras de agochar dialécticas heterodoxas que a censura ollaba entón con gran xenreira.

Así, xa o 4 de marzo do mesmo ano proxéctase nunha sala alugada a primeira das cintas, *Os paraugas de Cherburgo*, de J. Demy. Virá despois, durante anos, a mellor selección da sétima arte, nas pantallas do Cine España, Cine Kursal, Gran Teatro e Cine Victoria, hoxe desaparecidos.

Aínda que o cine e o teatro son os puntos de referencia para a súa actividade, de inmediato a programación verase encamiñada á difusión e creación cultural, especialmente na recuperación, potenciación e defensa da cultura e a lingua galegas.

Despois dun tempo de silencio, o “Club Cultural Valle-Inclán”, inicia unha nova xeira no ano 1994. Reivindicacións e manifestos —Por unha cidade viva; defensa do Gran Teatro e Cuartel de San Fernando—. Proposta para Cronista Oficial da Cidade. E de destacar o traballo a prol do recoñecemento pola Unesco da Muralla de Lugo como Ben Patrimonio da Humanidade. Máis cine. Novos ciclos. Cuestións de sempre. Agora os escenarios serán o Auditorio Gustavo Freira, Fundación Caixa Galicia, Escola Universitaria de Formación do Profesorado, Galería Sargadelos e Biblioteca Pública.



Ao longo do tempo o “Club Cultural Valle-Inclán” ten programado actividades sobre historia, lingua e literatura, economía, desenvolvemento, educación, ecoloxía, saúde, tradición, vangarda, socioloxía, patrimonio cultural, arte, actualidade, presentación de libros, cursiños, música, poesía, Día das letras galegas, exposicións, viaxes culturais con rutas polas catro provincias galegas, limítrofes, Portugal e París...

Nomes para á presidencia: D. Julio Ulloa Vence, D. José Manuel Otero Novás, D. Benxamín Casal Vila, D. Ovidio Vázquez Rodríguez, D. Carlos Varela Veiga, D. Camilo Gómez Torres, D. Francisco Arrizado Yañez, D<sup>a</sup> Carmen Vázquez Vázquez, D. Xerardo Pardo de Vera e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Antonina Gay Parga.

O capítulo de cine comprendeu —e comprende, pese á liberdade con que hoxe operan as empresas comerciais— a proxección de películas tanto de xeito illado como con periodicidade fixa, e atendendo, sempre que isto é posible, aos ciclos temáticos ou de autor, de maneira tal que en numerosas ocasións se tratou de harmonizar e xunguir os temas desenvolvidos —historia, literatura— en conferencias cos seus correspondentes no cine. Os lugares de proxección foron ata os anos oitenta as salas que se brindaban a iso, principalmente o Kursal, o Central Cinema e o España. Na renacemento que experimentou a sociedade nos anos 90, comezaron grandes dificultades para contar cos novos foros —os anteriores foron desaparecendo—, debido, sobre todo, ás compensacións económicas que esixían, o que aconsellou solicitar do Concello a cesión do Auditorio Municipal Gustavo Freire, que, aínda que precario, se usa na actualidade para as proxeccións cinematográficas en 35 mm, en agarda da construción do novo Auditorio-Teatro en proxecto, intramuros e polo tanto ben máis céntrico, o que resolverá o problema do relativo afastamento do Campus Universitario do lugar de exhibición. No ano 2006 iniciase unha colaboración coa Escola de Maxisterio para usar as súas instalacións para a realización de proxeccións en formato DVD.



## **Ano 2011**

### **Cine**

#### **Segundo Ciclo de Cine Brasileiro**

en colaboración coa Embaixada de Brasil

*02-02-2011- O outro lado da rua*

*11-02-2011- Terra estrangeira.*

*16-02-2011- Besouro*

*24-02-2011- O invasor*

#### **Ciclo de Cine adicado a Muller**

*16-03-2011- Mulleres de El Cairo, de Yousry Nasrallah. Exipto,*

*23-03-2011- Madame de... de Max Ophüls. Francia*

*30-03-2011- Las playas de Agnès*

#### **Outras proxeccións**

*17-10-2011- Vértigo*

#### **Semana de Cine**

*13-12-2011- Quiz show (el dilema)*

*14-12-2011- El desafio: Frost contra Nixon*

*15-12-2011- Un rostro en la multitud*

*16-12-2011- Debate sobre a Tv*



## Viaxes

27-02-2011- Val do Lor e terras de Quiroga: Froxán – Vilamor – Santa María de Folgoso – Pregamento de Campodola – Quiroga (Santuário da Ermida, Hospital de Quiroga) – Ponte de Barxa de Lor.

01-05-2011- O Morrazo: Petroglifos de Mogor (Marín) – Bueu (Museo Massó) - Cruceiro do Ío - Colexiata de Cangas – S. Martiño de Moaña – dolmens e parque natural de Cotorredondo.

28/29-05-2011- O Baixo Miño: Pesqueiras de Arbo – paso da fronteira a Melgaço - estrada portuguesa ata Monção – Salvaterra (castelo) – TUI (hotel) – Monte de Sta. Tegra – Mosteiro de Oia – Panxón (paseo marítimo e Templo Votivo).

05-06-2011- Viaxe coa Filarmónica e concerto de órgano en Xunqueira de Ambía,(intérprete, Marisol Medivi). Visita a Sta. Mariña de Augasantas - Baños de Molgas - Castelo de Maceda.

11/12-06-2011- Serra de Peneda-Gerês (Norte de Portugal) Portela de Home (miliarios) - Ponte da Barca - Pousada de Santa María de Bouro - BRAGA (hotel) San Fructuoso de Montelios - Ponte de Lima - Castelo de Lindoso – Lobios - Santa María a Real de Entrimo - Santa Comba de Bande.

26-06-2011- Festa do Socio. Terras do Miño: Insua de Borneiros - Casa Grande da Fervenza -Museo etnográfico - Bosque da Fervenza.

## Exposición

22-03-2011- *Cen por cen Seoane*. Visita guiada. Sala de exposicións de Fundación Caixa Galicia, Praza Maior, ás 19,00 horas.

## Letras Galegas

11-05-2011- Conferencia “Lois Pereiro: furia, poesía, vida”, a cargo de M<sup>a</sup> Xesús Nogueira, doutora en Filoloxía Galega, profesora na Facultade de Humanidades de Lugo, escritora e crítica literaria. Ás 20,00 horas, na Galería Sargadelos, Praza de Santo Domingo. Entrada libre e gratuíta. Presentación do “Punto de Lectura” dedicado a Lois Pereiro.



## Debates

28-02-2011- “Medio ambiente e residuos urbanos”. Participan: **Luís Lamas Novo**, presidente da Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA). **Valentín Arias Pontón**, presidente da Asociación de Veciños da Milagrosa. **Lois Toirán**, en representación de ADEGA. **Lino González Dopeso**, concelleiro de medio ambiente. Modera M<sup>a</sup> do Carmen Longaraela Pena, secretaria do Club Cultural Valle-Inclán. Ás 20,00 horas, no salón de actos do Pazo de San Marcos, Deputación Provincial de Lugo. Entrada libre e gratuíta.

28-03-2011- “Tráfico e cidadanía” Participan: **Erundina Pérez Roibás**, Directora de Autoescola. **Jorge Sanmiguel**, Voceiro da Policía Local. **Adela Figueroa**, en representación de ADEGA. **Jaime Gueimonde**, Presidente de UNAVE e da Asociación de Veciños Gatos Roxos. Modera Felipe Arias Vilas, da directiva do Club Cultural Valle-Inclán. Ás 20,00 horas, no salón de actos do Pazo de San Marcos. Entrada libre e gratuíta.

28-04-2011- Con motivo das eleccións municipais do 22 de maio, debate sobre “A cultura en Lugo”. Participan **Xosé Clemente López Orozco**, alcalde da cidade e cabeza de lista polo PSdeG PSOE. **Xaime Castiñeira Broz** cabeza de lista polo PP. **Antón Bao Abelleira**, cabeza de lista polo BNG. Modera Tonina Gay, presidenta do Club Cultural Valle-Inclán. Ás 20,00 horas, no salón de actos do Pazo de San Marcos. Entrada libre e gratuíta.



## **CINECLUBE CANGAS**

Aínda que as actividades cinematográficas do Cineclub comezaron en 1977, fixéronse continuadas en 1983, coa constitución da Asociación Cívico Cultural Xiria. Desde entón, veu desenvolvendo un labor central de difusión e potenciación da cultura, dentro do concello de Cangas do Morrazo e a súa comarca. Entre as actividades da asociación destácase o cineclub (cunha programación regular de dúas películas mensuais), a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo, a organización de recitais e concertos, xornadas literarias e de debate, de banda deseñada, contacontos e lecturas teatrais.

No ano 1997 o cineclub tivo que interromper a súa programación, ao reconverterse o cine de Cangas en multicines, e en 1998 recuperaron a súa actividade normal. No ano 2005, a actividade do cineclub veu determinada polo peche destes multicines, os únicos existentes en Cangas. Iso obrigou a unha inactividade forzada de medio ano, e conseguíuse reiniciar a programación grazas a un compromiso do concello de dotar o Auditorio Municipal de proxector de 35mm. Porén, a programación do Cineclub Cangas segue a estar determinada pola falla de dotación dese auditorio, xa que o acordo co concello para aboar o importe do aluguer do proxector resulta unha carga para manter unha programación continua.

O 2009 foi para o Cineclub Cangas un ano de certa recuperación de público. A regularidade na programación a partir do segundo trimestre, a opción definitiva polo cinema dixital e unha elección axeitada de títulos permitiunos recuperarmos unha parte do público que levabamos perdido por mor das malas condicións en que viñamos desenvolvendo a nosa actividade.





## Ano 2011

Apuntamos as mesmas dificultades que nos anos anteriores, todo iso a pesar de que mantemos unha fidelidade de público. Seguimos cos atrasos no pago da débeda municipal, e iso levounos a cortar todo tipo de colaboración co concello.

A nosa asociación, ademais do cineclube, mantén e organiza a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.

Co fin de ter unha canle de presenza pública e de comunicación cos afeccionados ao cine, abrimos un blog que se pode consultar en <http://cineclubcangas.blogspot.com>. Estamos convencidos de que isto favorece a presenza pública do cine no noso concello.

As nosas proxeccións conteñen unha enorme variedade de filmografías, e especialmente apostamos polo cinema europeo. Pensamos que unha das nosas funcións é ofrecer canles das filmografías con menos posibilidades comerciais, sempre dentro dun estándar de calidade alto.

As películas programadas foron:

*14-01-2011- Air doll*

*28-01-2011- A propósito de Elly*

*11-02-2011- Two lovers*

*25-02-2011- Entre nosotros*

*11-03-2011- Ascensor para el cadalso*

*25-03-2011- Un profeta*

*01-04-2011- Pan negro*

*08-04-2011- Bésame tonto*

*13-05-2011- Poesía*

*27-05-2011- Copia certificada*

*03-06-2011- London river*

*10-06-2011- Neds*

*14-10-2011- Historias de la edad de oro*

*28-10-2011- Lola*

*11-11-2011- El último verano*

*25-11-2011- Miel*

*02-12-2011- La chica del tren*

*09-12-2011- Uncle Boonmee recuerda sus vidas pasadas*



## **CINECLUBE LUMIÈRE-VIGO**

O Cineclubes Lumière foi creado en 1993 por un grupo de persoas de diferentes profesións co fin de incorporar á cidade outra canle cultural, inexistente ata ese momento, e outro xeito de ver o cinema. O nacemento do Lumière supuxo recuperar para a cidade olívica unha actividade que non tiña continuidade dende o ano 1982, data en que desaparecera o último dos cineclubes vigueses dos anos setenta.

Ten como fins a difusión da cultura cinematográfica; a estimulación da vocación e o interese polo estudo e o goce do cine; o achegamento do cine á sociedade dun xeito educativo e crítico; e, ademais, a promoción dos realizadores novos, facilitando a produción e a posterior exhibición dos seus traballos.

Alén diso, ten como obxectivo xeral organizar e ofrecer ao público unha colección ampla de materiais bibliográficos, gráficos e audiovisuais, que permitan a todas as persoas interesadas acceder a unha información actualizada sobre temas específicos de cine.

Entre as actividades realizadas ao longo da súa historia cabe destacar as colaboracións estables —organizando diversos ciclos de cine— con numerosas entidades de Vigo, promotoras de cultura, educación, integración social e veciñal, como as concellerías de Xuventude, de Educación e da Muller, a Universidade de Vigo, a Alianza Francesa de Vigo, a Escola Oficial de Idiomas, a Aula de Cultura de Caixa Galicia, a Obra Socio-Cultural do Centro Cultural Caixanova, o Colexio de Arquitectos de Vigo, a Fundación Érguete-Integración ou asociacións veciñais como o Plan Comunitario de Teis, Casco Vello, Val do Fragoso, etc.

No ámbito estritamente cinematográfico, o Cineclubes Lumière organizou o I Premio de Guións Chano Piñeiro, no ano 1995; ciclos de cinema galego-portugués, nos anos 1993 e 1994; un ciclo de cine cubano, no ano 1997; e mostras de curtametraxes de novos realizadores, entre os anos 1994 e 2003.



Membros da súa directiva participaron como xurado no Festival Internacional de Cine de Figueira da Foz (Portugal), no ano 1995, e no Festival Internacional Karlovy Vary (República Checa), no ano 2002.

O Cineclubे colaborou ademais na produción de curtametraxes, organizou exposicións, cursos, coloquios e mesas redondas, e participou en tertulias e entrevistas de radio e televisión.

## **Ano 2011**

A rebelión cara ás grandes multinacionais que deciden o que se proxecta e o que non nas salas de todo o mundo, ten bastante que ver co rexurdimento do cine independente nos últimos anos, coa posibilidade de crear sistemas de produción e distribución fóra dos circuítos comerciais.

As facilidades que da a tecnoloxía dixital xa sacudiron os cimentos doutras disciplinas: música, fotografía, televisión... Agora tócalle ao sétimo arte. O dixital deixa de ser un concepto abstracto para converterse en realidade, e non nunha realidade virtual calquera, senón nun novo paradigma de orde sociolóxico e cultural que traspasa o que até o de agora tiñamos visto. O problema é, o de sempre!! Por moito que se democratice a tecnoloxía, os grandes filmes só xorden dende o talento dos creadores. Tal vez, moitas das persoas que decidan achegarse a unha cámara non aporten nada interesante. Pero, por primeira vez en máis dun século, teñen a opción de intentalo.

Co inicio deste novo ano, tamén nós quixemos achegarnos e achegar ó público os filmes máis experimentais dos realizadores máis mozos que non teñen cabida nas salas comerciais habituais. De xaneiro a xuño, un día ao mes e, por sorpresa, temos estreado filmes que están a formar parte da programación dos mellores festivais de cine do mundo, pero que non acadan un oco nas pantallas e na distribución máis convencional.



## Programación ordinaria

- 10-01-2011- Sofie*
- 17-01-2011- Close-up*
- 24-01-2011- La aventura*
- 07-02-2011- Turning gate*
- 14-02-2011- La mujer es el futuro del hombre*
- 21-02-2011- Noche y día*
- 07-03-2011- Louise/Michael*
- 14-03-2011- Mamá está en la peluquería*
- 21-03-2011- Entre nosotros*
- 04-04-2011- Poesía*
- 11-04-2011- Historias de la edad de oro*
- 18-04-2011- My father, my lord*
- 25-04-2011- Exit through the gift shop*
- 02-05-2011- Uncle Boonmee recuerda sus vidas pasadas*
- 09-05-2011- Cartas al padre Jacobos*
- 16-05-2011- New York i love you*
- 23-05-2011- Blog*
- 06-06-2011- Film socialisme*
- 13-06-2011- 44 inch chest*
- 20-06-2011- Lola*
- 05-09-2011- Tournée*
- 12-09-2011- El viaje del director de recursos humanos*
- 19-09-2011- Cuando un hombre vuelve a casa*
- 03-10-2011- North*
- 17-10-2011- El mundo es grande y la felicidad está a la vuelta de la esquina*
- 24-10-2011- Las manos en el aire*
- 07-11-2011- Voces desde Mozambique*
- 14-11-2011- Stella*
- 21-11-2011- Woman without men*
- 05-12-2011- Pueblo de silencio*
- 12-12-2011- A ciegas*
- 19-12-2011- Eila*



## **Cine de animación. Día contra a violencia de xénero**

En colaboración coa Concellería de Igualdade

*13-11-2011- Nausicaa*

*20-11-2011- Billy Elliot*

*27-11-2011- Lilo Stich*

### **Publicidade das actividades do Cineclub Lumiere-Vigo**

Durante os meses que comprenden o presente proxecto, o Cineclub Lumière procede á distribución de 1.000 trípticos mensuais, nos que se recolle a programación das películas a proxectar polo Cineclub. O reparto deste material faise nos seguintes estamentos locais: academias, asociacións culturais, bibliotecas, institutos de ensino, medios de comunicación, organismos oficiais, pubs e cafetarías, universidade. Nos lugares citados repártense o 60% dos trípticos. O restante 40% resérvase para a súa distribución entre os socios e colaboradores asistentes a cada unha das proxeccións.

### **Perfil dos asistentes**

A idade dos asistentes vai dos dezasete ata os cincuenta anos máis ou menos; estudantes, profesores e profesionais liberais.



## **CINECLUBE PONTEVEDRA**

O 24 de abril de 1954 presentouse no Goberno Civil de Pontevedra o Regulamento do Cineclub Pontevedra, regulamento que foi aprobado o día 2 de xullo do mesmo ano pola Dirección General de Política Interior do Ministerio de Gobernación.

O día 13 de xuño de 1954 comezaron as actividades culturais, previa autorización gubernativa provisional, coa primeira sesión cinematográfica, que consistiu na proxección dos documentais *France 4 saisons*, *Van Gogh*, *Versailles e ses fantômes* e *Balzac*, que foron cedidos pola Embaixada de Francia.

O domicilio social estableceuse, daquela, nas oficinas da Delegación Provincial de Información e Turismo de Pontevedra, cedidas polo Delegado Provincial, Sr. Álvarez Villar.

Son membros da Xunta Fundadora:

- D. Julián Álvarez Villar
- D. Enrique Fernández Villamil y Alegre
- D. Rafael Landín Carrasco
- D. Luciano del Río Besada
- D. José Hermida Vidal
- D. José Filgueira Valverde
- D. Ramón Sabell Mosquera
- D. Luis Lois Mosquera
- D. Manuel Carrochano Gálvez
- D. Antonio Odriozola Pietas

A autorización definitiva data do 18 de agosto de 1954, e o Cineclub Pontevedra é inscrito no Rexistro de Asociacións do Goberno Civil co n.º 20.



O 17 de outubro de 1955 prodúcese o primeiro cambio na Xunta Directiva, que quedou como segue:

- Presidente: D. Rafael Landín Carrasco
- Vicepresidente: Sr. Sandoval
- Tesoureiro: D. Rafael Melero Granjo
- Secretario: D. Juan Manuel Lezcano y Castedo
- Vogal 1.º: D. Manuel Sierto Pérez

A partir de aquí, D. Juan Manuel Lezcano y Castedo pasou a ser o impulsor do Cineclub de Pontevedra, ben como secretario, ou ben como presidente, ata os anos 70/80, nos que o substituíron xeracións máis novas: Joaquín Fariña, Lino, Felipe, Carlos Osorio, Pedro Iturburrúa e Ana Fernández.

Nestes 50 anos, o Cineclub de Pontevedra mantivo a súa actividade ininterrompidamente a pesar dos avatares e cambios ocorridos nas preferencias do público, nos cinéfilos e nos medios audiovisuais.

Entre as múltiples actividades desenvolvidas de forma regular están o Ciclo Cine de Actualidade, o Ciclo Historia do Cine, o Ciclo de Cine dedicado á Muller, as Noites Abertas, o Ciclo de Cine Galego, Cine na Rúa e, ultimamente, a Semana de Cine Infantil.

## **Ano 2011**

### **Cinema Dixital Galego Independente**

- 13-01-2011- Zoqueiro maldito*
- 13-01-2011- Corpi in movimento*
- 13-01-2011- Jesús, María e José*
- 13-01-2011- Malo será*
- 19-01-2011- Crónicas da Galiza Mártir*
- 26-01-2011- Dos somos dos*
- 26-01-2011- Cuando yo sea petróleo*
- 26-01-2011- Juego simple e l'amour*
- 26-01-2011- A realidade máxica*
- 26-01-2011- Muro público*



*26-01-2011- Guerras Apoleónicas*

*26-01-2011- Sal a la calle*

*26-01-2011- Haunt*

*26-01-2011- Os waslala*

*26-01-2011- Puilha*

*26-01-2011- Dial gotan*

Cada día había presentación dos traballos e coloquio posterior. Na presentación e coloquio de “Crónicas da Galiza Mártir” intervirán Pepe Alvarez, Xan Leira e Anjo Torres.

### **Cinema de Ausgusto Fontam**

*02-03-2011- Necrose*

*09-03-2011- É o que dá fazer misturas*

### **Cinema de Mario Iglesias**

*16-02-2011- De bares*

### **Ciclo de Cine Mulleres Directoras**

*02-03-2011- Sunshine cleaning*

*16-03-2011- An education*

*23-03-2011- Vision*

*30-03-2011- Blog*

### **Ciclo Cine e Arquitectura**

*06-04-2011- How much does your building weigh Mr. Foster*

*06-04-2011- Herzog & Meuron e China: Nido de pájaros*

*13-04-2011- Enric Miralles. Aprendizajes del arquitecto*

*13-04-2011- Marilles Tagliabue EMBT: estado de las obras, julio*

**2002**

*13-04-2011- Antoni Gaudí. Un arquitecto mesiánico*

*27-04-2011- Renzo Piano. Visitas de obra*

*27-04-2011- Richard Neutra. Casa experimental*





*27-04-2011- Alvar Aalto. Vila Mairea. La esencia de una casa*

*18-05-2011- 50 anos no andamio*

## **Maio mes da Lingua**

*04-05-2011- 18 comidas*

*11-05-2011- Señora de*

*25-05-2011- O zoqueiro maldito*

*25-05-2011- A realidade máxica*

*25-05-2011- Muro público*

*25-05-2011- Outras voces*

*25-05-2011- Faustino*

*25-05-2011- Nun cinema*

*25-05-2011- Video homenaxe a Luz Fandinho*

## **Cineastas galegos**

*01-06-2011- Catalina*

*08-06-2011- Cartas italianas*

*15-06-2011- El desayuno del poeta*

*22-06-2011- Ralatos*

*29-06-2011- Corten*

*29-06-2011- La chica maravillosa*

*29-06-2011- Ensaio*

*29-06-2011- A calidez*

*29-06-2011- O anel*

## **Cine na Lúa**

*27-07-2011- Que se mueran los feos*

*28-07-2011- Celda 211 (galego)*

*29-07-2011- Invictus*

*30-07-2011- El fantástico Sr. Fox*

*31-07-2011- Toy story 3*



## **Ciclo de cine infantil**

- 21-11-2011- Cars 2*
- 22-11-2011- El pequeño rey Macius*
- 23-11-2011- Enredados*
- 24-11-2011- Rango*
- 25-11-2011- Gru: mi villano favorito*

## **Otras proyecciones**

- 07-09-2011- Exit through the gift shop*
- 14-09-2011- Al final de la escapada*
- 21-09-2011- El discurso del rey*
- 28-09-2011- El desprecio*
- 30-11-2011- Pueblo de silencio*
- 14-12-2011- Eila*
- 21-12-2001- A ciegas*



## **CINECLUBE OS PAPEIROS**

Tal como en anos anteriores o Cineclub Os Papeiros, que está a piques de cumprir os 20 anos, continuou a desenvolver a actividade de animación cultural promovendo a cultura do audiovisual dentro do Concello de Chantada coas seguintes actividades, marcadas pola carencia de infraestruturas culturais das que dispón este concello (non ten auditorio público).

### **18.ª Semana de Cinema de Chantada. Agosto 2011**

*15-08-2011- Gnomeo y Julieta*

*16-08-2011- Para que sirve un oso*

*17-08-2011- Entre lobos*

*18-08-2011- En un mundo mejor*

### **Actividades paralelas:**

“Obradoiro de cinema para nenos” (Taller de cine para nenos coa dirección de “A Casa da Tós”)

### **12.ª Semana Curta. Festival da Curtametraxe**

#### **Cinemateca con rodas**

Por terceiro ano consecutivo se puxo a rodar por Chantada unha cinemateca dentro dun carriño arrastrado por unha bicicleta, a chamada “Cinemateca con Rodas”, que prestaba gratuitamente películas de autor de curtametraxes de distintas cinematografías.

#### **Datos de participación.**

NON DISPOÑEMOS DOS DATOS ESTADISTICOS DE PARTICIPACIÓN



## **CINECLUBE A CALEXA**

No ano 1997 un grupiño de xente do máis heteroxéneo, salvo na nosa afección ao cine, nos reunimos nunha mesa da Casa da Cultura de Monforte ante unha convocatoria que vimos nos medios de comunicación locais. Tratábase de organizar un cineclub en Monforte: mellor aínda, tratábase de que en Monforte puidese verse un cine distinto, ese cine que aparece rara vez na carteleira das cidades medianas ou pequenas como a nosa. Dese grupiño saíron ideas, saíu o compromiso de organizarse, e incluso saíu o nome do futuro cineclub (unha resurrección reverencial dunha sorte de cineclub que existira anos atrás: A Calexa).

Como acontece con toda asociación cultural que se prece, os primeiros tempos foron de entusiasmo desaforado: nuns días estaban redactados os estatutos, comprometido un boletín periódico, encargados programas de man e posta en marcha unha modesta programación, organizada ás veces en ambiciosos ciclos temáticos ou de directores. Estas primeiras proxeccións tiñan lugar na Casa da Cultura e alongábanse nun animado cinefórum.

Daquela Monforte tiña un vetusto cine, o Cine-teatro Lemos, que xa estaba agonizando cando demos a nosa primeira película en 35mm, *Reservoir dogs*. Aquel día vimos claro que o futuro do noso cineclube estaba en proxeccións en pantalla grande. E cunha proxección neste formato tivemos o honor de despedir o Cine-teatro Lemos para sempre. A súa última película foi patrocinada con todo o aparato posible polo noso cineclube, nunha xornada histórica no cine en Monforte onde o escenario máis tradicional do cine na cidade era despedido con agarimo pola versión máis integrista dun cineclub: *O Tren de sombras* de José Luis Guerín. Unha sesión derivada case nun mito para nos, da que nos levaría moito tempo falar...

A cuestión é que a modernidade chegou á nosa cidade representada por tres salas con todas as condicións esixibles a un cine moderno: os Multicines Hollywood. Co tempo, cineclube A Calexa chegou a un acordo coa empresa que rexenta o cine e tamén fomos dando coa



fórmula: proxectar unha película todos os mércores fin de mes, e organizar unha mostra de cine, que xa leva 7 outubro de vida. A fórmula vai funcionando satisfactoriamente, porque o cineclub proxecta con absoluta regularidade, e vaise rodeando dun público fiel que, a pesar dunha hora un tanto intempestiva e dun día da semana bastante anódino, vén ás nosas proxeccións unha e outra vez.

Naturalmente, nesta breve e dispersa síntese da historia do noso cineclub, é obrigado facer mención da súa intensa repercusión na vida social e cultural de Monforte e a súa comarca, da que hoxe é un referente cultural ineludible: xa ten ás súas costas varias exposicións (carteis, programas de man, boletíns, etc.), algunhas delas con eco en medios de comunicación nacional. O cineclub ten colaborado de xeito moi activo con todo tipo de asociacións e colectivos (Asociación de Ferrocarriles, Asociación Salvador Allende, Alcohólicos Anónimos, Drogodependencias...), e as súas proxeccións estendéronse tamén ao público infantil nas datas de vacacións. Organizadas polo menos dúas ceas anuais abertas a todo aquel interesado no cine nas que as conversacións sempre derivan no mesmo tema: a nosa insubornable afección polo bo cine.

A presenza do noso cineclub nos medios de comunicación tamén ten sido moi intensa, por canto é colaborador asiduo da televisión e radio locais, fomentando o gusto polo bo cine e comentando as ofertas cinematográficas do noso contorno inmediato.

O Cineclub A Calexa ten acadado un relevo e unha transcendencia na vida cultural de Monforte que nunca pensamos que ía ter.

### **Ano 2009**

**Segunda edición do concurso escolar de curtametraxes.** O día 20 de maio de fixo a entrega de premios e exhibición das curtas. Se entregaron seis placas conmemorativas e seis vales por 70 € para gastar no CCU a cada un dos traballos premiados.

### **Ano 2010**



No ano 2010, e despois de 13 anos de programación continua e 10 Mostras de Cine, o Cineclub A Calexa decidiu única e exclusivamente dedicarse a todas as colaboracións que lle foron solicitadas. O principal motivo foi non aventurarnos a ter problemas económicos e só realizar aquilo que podíamos asegurar economicamente, así coma salvar os potenciais e recursos económicos para o ano 2011.

No ano **2011** ante as continuas manifestacións e o desexo da poboación monfortina e mais dos medios de comunicación volvemos en Outono coa XI Mostra de cine e a publicación das bases para o IIIº concurso de curtas infantís e xuvenís, contando coma en anos anteriores coa colaboración dos Institutos e colexios da comarca de Lemos e do sur da provincia.

Tamén neste ano temos que cumprir cunha antiga idea do cineclub: facer todo o posible por agasallar e honrar o primeiro personaxe que trouxo o cine a cidade de Monforte, o derradeiro Barbajelata que vive en Lugo actualmente. Poderemos contar con el na XI mostra de cine e na entrega de premios de curtas infantís xa que pensamos poñerlle o seu nome. Agardamos que a súa saúde llo permita.

Temos a débeda e a obriga con esta cidade de non deixar de proxectar en sala cinematográfica, xa que a súa resposta o longo distes anos foi moi boa, ata chegar a formar parte da vida cultural dos monfortinos. Tamén temos proxectado facer un libro da historia do cineclub a petición dunha editorial e unha exposición co extenso material que posuímos.

O cine en sala non deixara de existir en Monforte mentres nos podamos, con todas as colaboracións que poidamos, sexan particulares ou institucionais, sen esquecer a Cinemas Dixitaís, CGAI e programacións da Xunta.

Coma sempre agardamos a todos en Monforte o carón do Cineclub A Calexa.



## **CINECLUBE GROUCHO MARX**

O Cineclub Groucho Marx inicia a súa andadura a principios do ano 1980. O seu obxectivo fundamental, amais da exhibición e o debate sobre o cine de calidade, é a introdución e a participación nos medios audiovisuais como soporte de gran transcendencia para a expresión e a defensa da nosa cultura a través da imaxe.

Despois de numerosas dificultades nos primeiros anos, causadas polo peche intermitente da sala de cine onde realizaba as proxeccións, pasou a converterse nunha das entidades pioneiras co desenvolvemento de proxectos de carácter experimental e nos que participaban un bo número de persoas relacionadas co mundo audiovisual galego e español.

Xa no ano 1985, crea a que se denominou “TV Groucho Marx”, unha experiencia única no Estado español ata aquel ano, que se baseaba na participación de moitos profesionais que se acercaron ao Barco de Valdeorras a ensinar aos diferentes equipos formados para o proceso comunicativo. Así, eran realizados programas de produción propia, informativos e unha sección dedicada aos traballos de videocreación que se presentaban para a proxección nas xornadas da semana de cine.

A introdución do cine no ensino foi un proxecto no que estaban implicados todos os niveles de todos os centros, EXB, Instituto de Bacharelato e FP, funcionando dun xeito coordinado con todos eles e desenvolvendo diversas experiencias pedagóxicas. Había grupos de debate nos que participaban os directores dos centros, mestres de diferentes materias, alumnos e membros do cine club Groucho Marx. Deste xeito determinábase o programa a seguir.

Os resultados destas e outras experiencias eran expostos en varios foros polos membros do cineclub convidados a tal efecto, como nas “Xornadas de Pedagogía da Imaxe” organizadas polo Centro de Enseñanzas Integradas e a Generalitat Valenciana en Valencia, a participación no Festival Internacional da Infancia e a Xuventude de



Xixón como xurado cualificador cun grupo de doce nenos pertencentes ao propio Cineclub Groucho Marx e que formaban parte do equipo redactor da publicación diaria do festival, e na produción dos talleres de imaxe en funcionamento.

Ten publicación periódica que contén artigos de opinión e información detallada da programación. Chegou a ter un diario propio, o *Diario Marxista*.

Normalmente vén realizando unha media de máis de 100 proxeccións anuais, no salón de actos da Casa da Cultura do Barco. Debido ás obras de reforma a que está sometida a citada Casa da Cultura tivo que suspender temporalmente a súa actividade no ano 2005. En xuño de 2006 volta a súa actividade.

## **Ano 2011**

### **Cinema Galego**

*03-01-2011- A flor máis grande do mundo*

*03-01-2011- Alegrías de porta terra*

*03-01-2011- Caderno de bitácora*

*03-01-2011- Leo*

*03-01-2011- Minotauromaquia*

*03-01-2011- O ladrón de bonecas*

*03-01-2011- Os dous lados da valla*

*10-01-2011- A boa caligrafía*

*10-01-2011- Adeus edrada*

*10-01-2011- As muxicas*

*10-01-2011- Isolina do Caurel*

*10-01-2011- Mamasunción*

*10-01-2011- Tornabon*

*07-04-2011- 12007*

*07-04-2011- Decimolo ou non o decimos?*

*07-04-2011- O cazador*

*07-04-2011- O desexo*





07-04-2011- *Río de sombras*  
07-04-2011- *Xinetes na tormenta*  
17-05-2011- *18 comidas*

## Programación semanal

13-01-2011- *Pan negro*  
10-02-2011- *Tengo algo que deciros*  
17-02-2011- *Todas las canciones me hablan de ti*  
24-02-2011- *El último bailarín de Mao*  
10-03-2011- *Planes para mañana*  
17-03-2011- *La mosquitera*  
24-03-2011- *El demonio bajo la piel*  
31-03-2011- *El gran Vázquez*  
14-04-2011- *Ispansi*  
28-04-2011- *Chico y Rita*  
01-05-2011- *La flor del desierto*  
04-05-2011- *Entre lobos*  
12-05-2011- *Para que sirva un oso*  
17-05-2011- *18 comidas (Letras Galegas)*  
26-05-2011- *La llave de Sara*  
15-09-2011- *La prima cosa bella*  
22-09-2011- *Pequeñas mentiras sin importancia*  
29-09-2011- *La vida de los peces*  
06-10-2011- *Win win*  
13-10-2011- *Mami blue*  
20-10-2011- *Bettu Anne Waters*  
27-10-2011- *El caso Farawell*  
03-11-2011- *El hombre de al lado*  
10-11-2011- *El último vuelo del flamenco*  
17-11-2011- *Pueblo de silencio*  
24-11-2011- *La piel que habito (Día contra violencia de género)*  
01-12-2011- *Eila*  
15-12-2011- *A ciegas*



## Semana de Cine

**-Exposición “Playmobil de Cine”:** Durante a duración da Semana de Cine, estivo na Galería Sargadelos unha exposición de mecos de playmobil con motivos cinematográficos; ditos motivos son protagonistas de filmes e personaxes famosos o longo da historia do cine. Os mecos pertencen a colección particular de Sacinete, famoso tuneador destes pequenos monecos. A exposición terá tamén colgada nas súas paredes unha serie de laminas reproducindo carteis de famosas películas.

### **-Ciclo de Cine para Nenos**

*20-08-2011- El equipo tigre*

*22-08-2011-X-Men, primera generación*

*24-08-2011-*

*26-08-2011- Winnie de Poo*

*28-08-2011- Cars 2*

### **-Ciclo de Cine Español**

*19-08-2011- Crebinsky (Galego)*

*22-08-2011- Amigos*

*24-08-2011- No tengas miedo*

*26-08-2011- Doentes (Galego)*

*28-08-2011- Blacktorn*

### **-Ciclo de Cine de Actualidade**

*21-08-2011- Midnight in París*

*23-08-2011- El viaje del director de recursos humanos*

*25-08-2011- Una mujer, una pistola y una tienda de fideos chinos*

*27-08-2011- Micmas*

*29-08-2011- Un cuento chino*



## **CINECLUBE POLEIRO**

O Cineclub Poleiro, que naceu dentro da Asociación Cultural Eliseo Alonso, foi creado en marzo de 1998, aínda que os seus estatutos non se constituirán ata setembro do mesmo ano e a súa inscrición no Rexistro de Cineclubes de Galicia non se fixera efectiva ata marzo do 1999 no número C-43. A partir deste momento integrouse na Federación de Cineclubes de Galicia.

O Cineclub Poleiro empezou coa mesma finalidade xeral ca propia asociación: servir como xerme de promoción cultural dentro da nosa comarca, o Baixo Miño, e propoñer puntos de encontro cultural dentro da nosa comunidade.

Durante sete anos, ata o ano 2005, as súas actividades se levaban a cabo no Cine Avenida da Guarda. Coa nosa actividade quixemos achegar ó cine de calidade a unha comarca que durante as últimas décadas foi comprobando como os cines foron desaparecendo dos seus concellos. Pensamos que a selección de películas que fixemos constitúo unha boa forma de dar a coñecer unha representación do cine máis actual, lonxe moitas veces dos circuítos comerciais.

O Cineclub Poleiro tivo que rematar a súa actividade cando o Cine Avenida pechou. Nestes intres, con peche tamén dos cines de Tui, non queda cine algún no Baixo Miño. O cine, entendido como unha actividade artística importante dos nosos días queda, deste xeito, unha vez máis alleo a unha comunidade só porque non constitúe un marco urbano grande ou está lonxe deste.

Dende o fin da nosa actividade ata agora procuramos buscar un lugar onde poder reiniciar unha nova programación. Isto foi imposible. Aínda que apareceron novos espazos públicos, comprobamos como estes non estaban dotados cos medios necesarios para unha actividade cinematográfica adecuada. Coa dotación do Auditorio do Multiusos de Goián con medios de proxección audiovisual tivemos de novo a oportunidade de reiniciar en marzo deste ano a actividade do Cineclub Poleiro. Neste comezo fomos gratamente sorprendidos por



unha alta asistencia dos socios. Estas foron as películas que programamos neste ano 2011:

*13-01-2011- Two lovers*

*03-02-2011- El concierto*

*03-03-2011- Mujeres de El Cairo*

*07-04-2011- Despues de la boda*

*05-05-2011- Ciudad de vida y muerte*

*02-06-2011- Dejad de quererme*

*06-10-2011- Paranoid park*

*03-11-2011- Inside job*

*01-12-2011- La revolución de la sra. Ratcliffe*



## **CINECLUB CARBALLIÑO**

O Cine Club Carballiño volveu á actividade o pasado mes de novembro tras varios anos de “descanso” por diversos motivos, que deixaron sen cine ao Carballiño, xa que a vila tampouco contaba xa con salas de exhibición cinematográfica. O feito de que o concello dotase ao auditorio municipal dos medios técnicos necesarios para proxectar tanto en 35 mm como en alta definición fai xa case xa dous anos fíxonos pensar moi seriamente en volver, e finalmente así foi: a mediados de novembro proxectamos a nosa primeira sesión desta nova etapa que esperamos sexa longa e da cal levamos xa 30 sesións e un festival de cine galego a primeiros de xaneiro.

Nestes meses fixemos sempre unha proxección semanal os venres, en dúas sesións, de 20:30 e 23:00 horas, e nalgúns casos tamén algún dos días da fin de semana. Traballamos na maioría dos casos coa Federación de Cineclubes de Galicia, que é quen coordina a petición das películas, a publicidade, a entrega e recollida, etc. Noutros casos, tamén fixemos colaboracións con outras institucións, como a Fundación Vicente Risco, coa que colaboramos para proxectar cine clásico alemán. Intentamos ademais darlle oportunidade a novos realizadores para que a súa obra sexa coñecida, polo que fixemos sesións dedicadas a cine non de difícil distribución e exhibición, así como tamén cine de animación.

Por último, nun intento por achegar o cine aos máis xoves, fixemos proxeccións para escolares nas que participaron diversos colexios e institutos da comarca. Un momento importante para nós foi a organización dun festival de cine galego no Nadal, a primeiros de xaneiro, onde proxectamos tres longametraxes, dous documentais e máis de 20 curtas, contando coa colaboración do Concello do Carballiño e de Cinemas Dixitais. Nestas proxeccións contamos tamén coa presenza de actores e directores das películas, experiencia que repetimos en varias ocasións xa que pareceunos moi interesante o contacto entre os autores e o público. Ao longo destes meses fomos establecendo contacto e colaboración con diversas asociacións culturais da vila, coas que organizamos diferentes actividades: concertos, presentacións de libros, proxeccións de películas,



conferencias e charlas, etc. Isto último foi para nós unha gran satisfacción xa que permitiunos abrir o abano de accións que realizamos máis aló da proxección cinematográfica, que loxicamente é o fundamento da nosa existencia.

Os nosos proxectos para o que queda de ano e para os vindeiros son os seguintes:

- continuar coas proxeccións semanais (todos os venres en sesións de 20:30 e 23:00 horas, no auditorio municipal do Carballiño). Esporadicamente proxectamos tamén os sábados e domingos en horarios de tarde e noite.
- colaborar co concello do Carballiño na organización das **Xornadas de Cine e Vídeo en Galicia** (Xociviga).
- organizar unha semana de cine na rúa, a primeiros de agosto.
- organizar en colaboración coa Anpa A Uceira do CEIP Calvo Sotelo sesións de cine infantil, que se celebran os venres en sesión de tarde no auditorio municipal. sesións para colexios: cando a película que proxectamos consideramos que ten uns valores que a fan atractiva para os escolares da comarca, organizamos proxeccións en horario escolar para eles. Xa participaron nesta actividade alumnos dos institutos do Sagrado Corazón e do CEIP de Cea.

## 2011

**Ciclo Cine Galego de Estrea:** realizado os días 2,3 e 4 de xaneiro de 2011.

*Curtas de animación*

*Curtas de humor*

*Vivir para siempre*

*18 comidas*

*Alejado*

*Caminando en la oscuridad*

*Man, home sen paz*



## Programación ordinaria

- 07-01-2011- *El escritor*  
14-01-2011- *Las vidas posibles de Mr. Nobody*  
21-01-2011- *En el camino*  
28-01-2011- *Cabaret*  
04-02-2011- *Copia certificada*  
11-02-2001- *Soul Kitchen*  
18-02-2011- *In the loop*  
25-02-2011- *Neds*  
04-03-2011- *Biutiful*  
11-03-2011- *Whale rider*  
18-03-2011- *También la lluvia*  
25-03-2011- *La mosquitera*  
01-04-2011- *El demonio bajo la piel*  
08-04-2011- *Las uvas de la ira*  
15-04-2011- *Cisne negro*  
29-04-2011- *A mariñeira*  
07-05-2011- *Ispansi*  
13-05-2011- *Winter's bone*  
20-05-2011- *Alberte Pagán: Bs. As., Como foi o conto, Eclipse*  
**(cine galego)**  
  
27-05-2011- *En un mundo mejor*  
03-06-2011- *Crebinsky*  
**(cine galego)**  
10-06-2011- *El discurso del rey*  
24-06-2011- *Happythankyoumoreplease*  
01-07-2011- *En el centro de la tormenta*  
23-07-2011- *Tokio blues*  
30-09-2011- *Win win*  
07-10-2011- *De dioses y hombres*  
14-10-2011- *Amigos*  
28-10-2011- *El hombre de al lado*  
04-11-2011- *La deuda*  
11-11-2011- *A ciegas*  
18-11-2011- *La piel que habito*  
25-11-2011- *Planes para mañana*

(Día contra violencia se xénero). En colaboración co Concello.



*02-12-2011- Stella*

*09-12-2011- Eila*

### **Xociviga 2011 (en colaboración co Concello)**

*10-09-2011- Ga'holle*

*10-09-2011- Capitalismo una historia de amor*

*10-09-2011- Doentes*

**(cine galego)**

*11-09-2011- Inside job*

*11-09-2011- Un cuento chino*

*11-09-2011- La tropa de trapo*

*12-09-2011- Del poder*

*12-09-2011- Nocturna*

*12-09-2011- Micmacs*

*13-09-2011- La doctrina del shock*

*13-09-2011- Medianoche en París*

### **Ciclo de animación (en colaboración co Concello)**

*21-10-2011- Vals con Bashir*

*22-10-2011- Persépolis*

*23-10-2011- Corto Maltés*





## **CINECLUBE DE COMPOSTELA**

A fundación do Cineclub de Compostela data da primavera de 2001, cando un grupo de mozos universitarios, estudantes da Facultade de Ciencias da Comunicación, comezamos a proxectar filmes en vídeo no nomeado centro educativo. As proxeccións duraron tres meses, de marzo a maio. Cada filme viña acompañado dunha recensión na que algún de nós realizaba un estudo crítico da obra, práctica que continuamos desde aquela. Esta experiencia inicial foi un ensaio do que chegaría a ser logo o Cineclub, xa que nese tempo, unha vez confirmada a existencia dun público para as nosas actividades, comezámonos a organizar: constituímonos como asociación cultural, xurdiron as primeiras ideas, trabamos relación cos espectadores interesados no proxecto... Foise formando un grupo de persoas que querían facer cousas, entre as que se distribuíron as funcións básicas. Eran as trazas do futuro Cineclub.

En xaneiro de 2002 comezamos a segunda xeira do Cineclub exhibindo xa filmes en formato cinematográfico, 16mm ou 35mm, todos os martes no Auditorio da Facultade de Xornalismo.

Nese tempo comezamos a formar un fondo de vídeo, de revistas e de libros, ao que tiñan acceso os nosos socios, e que servía como canle alternativa de achegamento ao cinema.

Na cuarta xeira houbo cambios importantes: ampliamos a duración da nosa actividade a oito meses (de outubro de 2003 a maio de 2004) e as proxeccións se trasladaron a Sala Yago. O cambio de espazo supuxo un incremento de público superior ó 100% situándonos nunha media de 190 espectadores.

Na actualidade as proxeccións do Cineclub de Compostela realízanse no Local Social «O Pichel».